ARIEL
[Aki Kaurismäki, 1988, Finlandia, 73', VOSE]

Título orixinal ***Ariel***
Dirección e guión **Aki Kaurismäki**
Fotografía **Timo Salminen**
Son **Jouko Lumme**
Montaxe **Raija Talvio**
Elenco **Turo Pajala, Susanna Haavisto, Matti Pellonpää, Eetu Hikamo**
Produción **Villealfa Filmproductions**
Distribución **Golem**

VINDEIRAS SESIÓNS **MAIO 2021**

WONG KAR-WAI *SESIÓNS DE FILMOTECA*

LUNS 24 ás 20:30 h
DESEXANDO AMAR (2000, 95', VOSE)

AKI KAURISMÄKI *TRILOXÍA DO PROLETARIADO*

MARTES 25 ás 20:30 h
A RAPAZA DA FÁBRICA DE MISTOS (1990, 69', VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#144
18.5.2021

ARIEL
AKI KAURISMÄKI

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON **AKI KAURISMÄKI**

O comezo de *Ariel*, co peche da mina e o suicidio do pai, ademais de estar rodado de xeito moi realista, semella ter tamén algún contido simbólico... É unha escena completamente realista. De feito, filmeina nunha mina que acababa de pechar —dous meses antes de que eu rodase—, e os traballadores que saen na escena eran os propios traballadores da mina.

Referíame á situación sen saída en que quedan tanto o pai coma o fillo, e ás posturas diferentes que adoptan ambos os dous... Hai que ter en conta que o suicidio en Finlandia é algo máis cotián ca nos países latinos. En Portugal, que é onde vivo agora, hai menos suicidios, mais conducen coma suicidas polas estradas. Evidentemente, aínda que comprimida, a primeira escena trata de mostrar que, para a xente do norte, practicamente non existen saídas e, se ben estou contando unha historia individual, coido que a situación é perfectamente xeneralizable.

Resulta moi curiosa esa impasibidade coa que reacciona o protagonista ante todos os feitos que lle ocorren: semella que non puidese defenderse, acepta os feitos coma unha especie de fatalismo absoluto... Trátase dos últimos elos dun proceso estrutural de cambio que se deu en Finlandia. O protagonista é un home do norte que se ve na obriga de vivir nunha cidade para a cal non foi educado, e que non sabe moverse nela. En Finlandia é normal que, por un pequeno delito, caia unha enorme condena. A min mesmo ocorreume algo semellante ao que sucede no filme. Fun acusado de producir certa violencia que, na realidade, provocaran outros. Malia iso fun condenado. Non fun ao cárcere de milagre, mais tiven que pagar unha multa. E eu non fixera nada. Non hai que esquecer que gran parte da historia é autobiográfica. Eu tamén procedo do norte. Tamén cheguei á cidade —non nun coche, si nunha moto— e tampouco coñecía alí a ninguén, non estaba preparado para vivir alí.

A visión que reflicte o filme sobre a sociedade finlandesa é bastante pesimista... Eu coido que é extremadamente amable. A realidade é moito máis dura có que eu mostro. A xente en Finlandia non cre que eu sexa tendencioso porque pode recoñecer os feitos que ve na pantalla. Para eles é un filme bastante realista, e para min tamén. O cárcere é realista. O roubo é realista e o único que non é realista é o final, porque o máis frecuente é que os collan no bar da esquina ou, como lonxe, en Estocolmo. O malo é que, aínda que en Finlandia recoñezan os feitos, non tiran conclusións. Quen ten parte do pastel só quere conservalo, e quen non o ten só pretende acceder a el. E os cineastas queren facer filmes en Hollywood.

Igual que ocorría en *Sombras no paraíso*, ao final de *Ariel* os protagonistas tamén embarcan. Desta volta cara á México... Na vida real, Taisto xamais podería fuxir da policía. Mais tiven piedade del e quixen darlle unha oportunidade. O único problema é que o motor ten unha avaría e o barco embarranca na costa, algúns centos de metros máis lonxe. Aí tiven piedade do público. Parei o filme antes.

Se vostede mesmo considera que ese final non é realista, por que decidiu utilizalo? Parecíame que a vida do protagonista carecía até tal punto de sentido que matalo ao final era excesivo. E postos a poñer un final feliz, era mellor poñerlle un gran final feliz ca un pequeno. De todos xeitos, para a min o filme continúa a ser extraordinariamente pesimista malia o seu final. O mellor personaxe da historia, Mikkonen, o compañeiro do cárcere, acaba morrendo. Se cadra o final ten que ver tamén coa miña necesidade de fuxir de Finlandia. Agora que non vivo alí, puiden facer un filme que non ten final feliz, se cadra porque xa non preciso fuxir; xa fuxira.

Os filmes da súa triloxía describen unha realidade finlandesa, mais ao tempo as historias e personaxes resultan irreais... Nos meus filmes non quero falar directamente da sociedade finlandesa; a sociedade que mostro non é a moderna e rica da era do computador. Nin sequera a miña Finlandia corresponde coa que é a habitual nos folletos turísticos: só lagos azuis, neve branca e os renos de Laponia. A miña intención é, en primeiro lugar, contar historias, non documentar nada. Mais é obvio que, detrás das miñas historias, está sempre Finlandia. En *Ariel*, os protagonistas foxen nun barco cara á México; isto na realidade non sucede, mais miles de finlandeses víronse na obriga de abandonar o país e de emigrar a Suecia e a Noruega na procura de traballo. Malia todo, non quixera que os meus filmes se analizasen por algo distinto do que son: neles todo está na superficie, non hai significados profundos. E cando digo isto, dígoo no sentido de Buñuel.

Os seus filmes sitúanse sempre nun mundo construído pola humanidade, algún contén imaxes da natureza? Fixénme alérxico a iso durante os sesenta, cando semellaba que todo filme finlandés debía mostrar a bela natureza finlandesa. Detívenme pouco a observar como é a paisaxe a través da cal circula un coche a toda velocidade. En *Ariel*, pola contra, vemos a montaña Saana, aínda que só durante tres segundos e medio. Nese filme filmei tamén o desxeo e, en París, o cambio das estacións... Mais, que ten que ver ese tipo de imaxes con este modelo de filmes? Se as imaxes son só belas, esvaécense; ademais, é doado de máis. Pódense fabricar, claro; pódese filmar un coche coas rodas a xirar, os gardalamas relucentes e o equipo de música a todo gas cun solpor coma pano de fondo. Mais non vimos abondas imaxes destas xa?

HEREDERO, CARLOS F (1999). *Emociones de contrabado. El cine de Aki Kaurismäki*. Valencia: Filmoteca de Valencia, Festival Internacional de Cinema de Xixión, Centro Galego de Artes e Imaxe.
Tradución ao galego: Cineclube pontevedra.